

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE SETEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia no Concello de Santiago de Compostela relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito entre Portomouro (intersección coa estrada AC-453 Roxos–Portomouro) e Santa Comba (intersección coa estrada AC-400 Sigrás–Muros) da estrada provincial CP-0701, de Santiago de Compostela a Santa Comba, a prol da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dunha rotonda no p.k. 38 + 060 da AC-305, no concello de Ribeira (Clave: AC/12/099.06).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2012.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a participación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia na constitución do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, e se designa representante para a Comisión Xestora.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cualedro para a mellora da praza da Xuntanza, na Pedrosa, por un importe de cento trinta e catro mil douscentos sesenta e sete con trinta céntimos 134.267,30 euros.
- Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e Novagalicia Banco para desenvolver a recadación do programa de facturación das vivendas de promoción pública de Galicia e dos ingresos e devolucións derivadas do depósito e cancelación de fianzas no IGVS.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a modificación das bases reguladoras do Programa do Igape de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das PEMES galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga), para a creación do AT Clústers Espazo Compostela, por importe de cincuenta e catro mil cento vinte euros (54.120,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable do Centro Etnográfico Terra de Montes.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de Cooperación Cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Fundación Rosalía de Castro para a realización de obras e acondicionamento na Casa Museo Rosalía de Castro, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento

Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, polo importe total de douscentos mil euros (200.000 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo galego de Saúde dun servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde (AI-SER1-12-033), por un importe de trinta e tres millóns oitocentos noventa e dous mil douscentos vinte e cinco euros con oitenta e catro céntimos (33.892.225,84 euros), IVE engadido, e un importe estimado sen IVE de sesenta e oito millóns setecentos cincuenta e oito mil cincocentos noventa e nove euros con corenta céntimos (68.758.599,40 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre convocatoria de axudas para a realización de estudos universitarios durante o curso 2012/2013 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.
- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación das obras do centro de saúde de Nigrán.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de decreto polo que se regula a Rede de asesoramento de economía social Eusumo

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

- ***O Decreto ten por obxectivo a creación da Axencia de Turismo de Galicia e a aprobación dos seus estatutos.***
- ***A creación da axencia segue a senda da racionalización administrativa, a busca da eficiencia na xestión, o aforro no gasto corrente, a coordinación da xestión turística de Galicia baixo un único paraugas e o desenvolvemento dunha política turística máis eficaz e efectiva***
- ***Asumirá as competencias e funcións da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia e o Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia e a tutela funcional da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, que modifica o seu obxecto social e parte das súas funcións serán asumidas pola Axencia de Turismo de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto de creación da Axencia de Turismo de Galicia unha vez emitido o informe favorable do Consello Consultivo. O decreto ten por obxectivo a creación da Axencia e a aprobación dos seus estatutos. A Axencia impulsará, coordinará e xestionará a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

As vantaxes máis significativas serán o reforzo dos mecanismos de control de eficacia, a promoción da responsabilización por obxectivos na xestión pública das funcións encomendadas e a vocación integradora para aproveitar as sinerxías creadas entre os diferentes órganos e entidades que ata o de agora tiñan competencias sobre distintos aspectos do turismo en Galicia, así como a creación de economías de escala na xestión.

A creación da axencia segue a senda da racionalización administrativa, a busca da eficiencia na xestión, o aforro no gasto corrente, a coordinación da xestión turística de Galicia baixo un único paraugas e o desenvolvemento dunha política turística máis eficaz e efectiva. A Axencia de Turismo de Galicia asume as competencias, recursos e medios materiais que lle corresponden na actualidade á Secretaría Xeral para o Turismo, aos servizos de turismo nas xefaturas territoriais, á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia e ao Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. Tamén asumirá a tutela funcional da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo; que modifica o seu obxecto social e parte das súas funcións serán asumidas pola Axencia de Turismo de Galicia.

O decreto de creación da Axencia de Turismo de Galicia regula a natureza, réxime xurídico, adscrición, obxecto e fins, así como a sede da Axencia de Turismo de Galicia.

A XUNTA DELEGARÁ NO CONCELLO DE SANTIAGO A COMPETENCIA DE AUTORIZACIÓN DE LICENZAS DE OBRA NO CONTORNO DA ZONA HISTÓRICA PARA FAVORECER A AXILIDADE NA ORDENACIÓN DESTA ZONA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta cesión, comprobada a ampla experiencia do goberno local nunha ordenación respectuosa coa protección do patrimonio cultural*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no Concello de Santiago de Compostela relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello –contorno da zona histórica-, despois de que no mes de maio se dese o visto e prace á constitución dunha Comisión Mixta para o estudo e fixación dos termos desta delegación.

Deste xeito, o Goberno galego favorece a axilidade na ordenación do contorno da zona histórica da capital de Galicia, dando resposta á solicitude do Concello, que solicitou esta. Ata o momento, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria era a encargada de autorizar as licenzas, logo de informe do Comité Asesor do Camiño de Santiago.

Esta cesión prodúcese unha vez comprobada a ampla experiencia do Concello de Santiago de Compostela para realizar con rigor e eficacia o planeamento urbanístico e a ordenación respectuosa coa protección do patrimonio cultural propia zona histórica, polo que mesmo ten obtido recoñecementos institucionais importantes.

Coa delegación da competencia xa non será preciso enviar á Xunta a documentación para outorgar as licenzas de obras, o que redundará nunha maior axilidade dos trámites. Deste xeito favorécese unha mellora na xestión pública, así como os traballos de mantemento e conservación desta zona da cidade. Así, elimínase burocracia e achégase a Administración á cidadanía, ao tempo que se manteñen os estándares de rigor, eficacia e calidade.

A Comisión Mixta que autorizou a delegación da competencia estivo conformada por tres representantes da Comunidade Autónoma e tres da entidade local receptora da delegación. Por parte do Goberno galego formaron parte dela o director xeral de Administración local e presidente da Comisión, Norberto Uzal; o director de Patrimonio Cultural, José Manuel Rey Pichel; e a secretaria xeral técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda, María Socorro Martín Hierro.

Perímetro azul

A competencia delegada refírese á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello, que comprende as rúas converxentes no campo das Hortas (Cruceiro do Gaio, arranque da rúa de San Lourenzo, Pombal), As Hortas, estrada de Santa

Comba, e o contorno da igrexa e convento de San Francisco ata a Horta de Simeón e a estrada de Santa Comba. Así mesmo intégrase neste perímetro o ámbito definido pola delimitación da primeira fase do polígono de Vite, centrado na cornixa xerada pola apertura da avenida de Xoán XXIII e a estrada da Coruña; o de envoltura do perímetro morado - outro dos tres sectores da cidade- , incluíndo o monte da Almaciga e A Trisca ata o muro do convento de Belvís; e o de arroupamento do eixe Patio de Madres, Castrón Douro, rúa e campo do Sar, incluíndo Os Pexigos. Ademais, o perímetro azul está conformado polo recrecemento do bordo histórico do Ensanche desde a rúa Curros Enríquez polo eixe de Santiago Guayaquil, República do Salvador, Praza Roxa, ata enlazar coa intersección da avenida da Coruña coa avenida Rosalía de Castro.

A XUNTA APROBA O NOVO OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, QUE FOMENTA O DEBATE E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- *O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta mellora o anterior en tanto que é unha norma adaptada á actual estrutura orgánica da Xunta e recolle cambios organizativos na procura dunha maior e mellor eficiencia cara aos colectivos*
- *Entre as funcións do Observatorio atópase a de promover foros de discusión e debate, en diferentes formatos, que permitan o encontro e a reflexión dos diferentes axentes sociais involucrados na educación ambiental*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental. Neste decreto establécense as funcións e composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental, órgano que ten a finalidade principal de facer o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de que sexa un instrumento de colaboración e participación social con presenza da Administración pública e mais de axentes sociais e especialistas en educación ambiental.

A norma aprobada hoxe derroga o anterior Decreto 68/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental. Este novo decreto mellora o anterior en tanto que é unha norma adaptada á actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia e que recolle os necesarios cambios organizativos que derivan deste punto, na procura dunha maior e mellor eficiencia para os colectivos.

A aprobación deste novo decreto ten por finalidade refundir todas as modificacións normativas anteriores, reflectir na súa composición os cambios producidos na estrutura orgánica das consellerías da Xunta, así como introducir as seguintes novidades respecto ao decreto anterior:

-En canto á composición: eliminación dun vicepresidente, maior presenza de ecoloxistas e máis representantes de MATI.

-Novas funcións: engádese a de promover foros de discusión e debate.

-Funcionamento: adáptase á Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

En xeral, as principais funcións do observatorio son:

- Asesorar os organismos das administracións públicas no deseño e avaliación dos programas e iniciativas de educación ambiental.
- Analizar as necesidades educativas e formativas en materia ambiental da poboación galega no seu conxunto, así como dos seus sectores específicos.
- Realizar un seguimento da aplicación da Estratexia galega de educación Ambiental, propoñendo e suxerindo directrices e liñas de actuación.

- Propoñer a elaboración de instrumentos e procedementos de avaliación, especificamente dirixidos ao ámbito da educación ambiental.
- Colectar experiencias, recursos e programas que se consideran de referencia, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas, facilitando a súa divulgación, promoción, adaptación e aplicación á realidade galega.
- Promover foros de discusión e debate que, en diferentes formatos (seminarios, grupos de traballo, comisións *ad hoc*, talleres) permitan o encontro e a reflexión dos diferentes axentes sociais involucrados na educación ambiental.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*. O Observatorio Galego de Educación Ambiental quedará constituído coa súa nova regulación no prazo dun mes a partir da entrada en vigor do decreto.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA ESTRADA PROVINCIAL ENTRE PORTOMOURO E SANTA COMBA, PARA ACOMETER AS OBRAS DE MELLORA NESTA VÍA


- ***O Plan Director de Estradas de Galicia recolle que poden pasar a formar parte da Rede autonómica de estradas de Galicia aquelas vías que, cumprindo unha función de articulación territorial, son de titularidade provincial ou municipal***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada CP-0701 Santiago-Santa Comba, treito Portomouro-Santa Comba, de titularidade da Deputación da Coruña, a prol da Xunta da Galicia. Con este decreto materializarase o compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que lle permitirá actuar na estrada para poder melloralala.

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez que se produza o cambio de titularidade, a Consellería de Medio Ambiente someterá a información pública o proxecto, previsiblemente no primeiro semestre de 2013. A estrada DP-0701 vai desde Santiago a Santa Comba e o tramo que se transferirá inicialmente é o que vai de Portomouro (onde remata a estrada autonómica AC-453 Roxos-Portomouro) a Santa Comba.

Segundo recolle o documento de síntese do Plan director de estradas de Galicia, poden pasar a formar parte da Rede autonómica de estradas de Galicia aquelas estradas que, cumprindo unha función de articulación territorial, son actualmente de titularidade provincial ou municipal.

A estrada CP-0701, para efectos funcionais, divídese en dous treitos ben diferenciados. Por unha parte, os seus primeiros 12 km, entre Santiago de Compostela e Portomouro, que cubre unha demanda de mobilidade aproximadamente similar á da estrada autonómica AC-453 entre Roxos e Portomouro. A partir de Portomouro, en cambio, non existen alternativas autonómicas aos itinerarios que seguen as estradas provinciais en dirección a Santa Comba (pola propia estrada CP-0701) ou a Carballo (pola CP-1914, que tamén remata en Portomouro).



En consecuencia, de cara á transferencia da CP-0701, está xustificado priorizar, nun primeiro momento, o segundo treito da estrada, dado que é o que non conta con ningunha alternativa viable a través de estradas autonómicas. Ese segundo treito esténdese dende a intersección coa AC-453, xusto antes da ponte de Portomouro, ata Santa Comba, e presenta unha lonxitude de, aproximadamente, 17 km.

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES DE EXPROPIACIÓN PARA CONSTRUIR UNHA ROTONDA NA ESTRADA AC-305 QUE MELLORARÁ O ACCESO DE RIBEIRA Á AUTOVÍA DO BARBANZA

- *O proxecto de mellora da seguridade viaria recolle un orzamento económico de máis de 211.000 euros*
- *A nova rotonda evitará a perigosidade da intersección existente, e proporcionará unhas mellores condicións de condución aos usuarios desta infraestrutura viaria*
- *Os traballos centraranse en accións de escavación, demolicións, estendedura de mestura betuminosa en quente ou colocación de formigón e lousa antideslizante*
- *Estas actuacións, que están enmarcadas na prioridade que ten o Goberno galego na garantía de seguridade viaria, darán servizo a máis de 27.700 habitantes do concello de Ribeira*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha rotonda no p.q. 38 + 060 da estrada Padrón-Ribeira (AC-305), no Concello de Ribeira.

A presente actuación ten por obxecto a mellora da intersección existente no p.q. 38 + 060 da estrada AC-305, co ramal proveninte da autovía do Barbanza (AG-11).

O proxecto de mellora da seguridade viaria recolle un orzamento económico de máis de 211.000 euros. Cabe citar que a presente estrada se encadra dentro da rede primaria Complementaria da Xunta de Galicia.

Os traballos, cuxo prazo de execución estimado é de 4 meses, centraranse en accións de escavación, demolicións e estendedura de mestura betuminosa en quente. Posteriormente colocárase formigón e lousa antideslizante e repoñeranse os servizos de iluminación e sinalización horizontal e vertical.

Estas actuacións, que están enmarcadas na prioridade que ten o Goberno galego na garantía de seguridade viaria, darán servizo a máis de 27.700 habitantes do Concello de Ribeira. A nova rotonda evitará a perigosidade da intersección existente, e proporcionará unhas mellores condicións de condución aos usuarios desta infraestrutura viaria.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/82 do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación ao departamento competente, actualmente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

No seguinte plano amósase a rotonda obxecto deste proxecto de mellora de seguridade viaria na comarca do Barbanza.

O SERGAS CONVOCA UNHA NOVA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA FACULTATIVOS ESPECIALISTAS DE ÁREA E MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS

- *Esta é a terceira oferta pública de emprego que se convoca para o colectivo médico dende o ano 2006*
- *Nesta lexislatura xa se estabilizaron máis de 4.000 profesionais do Sergas, a metade dos cales son facultativos e persoal de enfermería*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se convoca a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2012.

Así, ao abeiro da habilitación conferida polas disposicións orzamentarias -e respectando os límites de reposición impostos nelas- ofertaranse 176 prazas provistas polo sistema de concurso-oposición. Delas, 164 corresponden á categoría de facultativo especialista de área e 12 á de médico de urxencias hospitalarias.

O procedemento selectivo vai precedido do concurso de traslados que está en execución na actualidade, co obxecto de coordinar o proceso co dereito á mobilidade voluntaria dos profesionais. Neste sentido, o número de prazas por especialidade divulgarase unha vez se coñezan os listados correspondentes ao concurso de traslados, cuxa publicación está prevista para o mes de outubro.

A metade das prazas convocadas en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna, e tamén se reservará unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade.

Esta é a terceira oferta pública de emprego que se convoca para o colectivo médico dende o ano 2006, o que converte a Galicia nunha das comunidades que ofrece maiores posibilidades de estabilización aos seus traballadores, xa que conta actualmente cunha taxa de interinidade do 5%. Nesta lexislatura xa se estabilizaron máis de 4.000 profesionais sanitarios, a metade dos cales son facultativos e persoal de enfermería.

Obxectivos de planificación de emprego

Coa aprobación desta oferta dáse cumprimento a diversos obxectivos da planificación do emprego do Sergas, como a atención aos sectores da actividade sanitaria con necesidade de dotación permanente de efectivos; a eficiencia das políticas de recursos humanos e a eficacia na súa distribución territorial; o dimensionamento do volume de profesionais segundo as necesidades; e a estabilización de traballadores sanitarios, sobre todo en categorías que nalgúns casos poder chegar a ser deficitarias, acadando así a continuidade do seu desenvolvemento profesional en Galicia.

Esta oferta de emprego público avanza así mesmo na mellora e modernización dos procesos de selección e provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos á tramitación dos procesos de selección fixa, a través de iniciativas como a Oficina Virtual do Profesional (Fides) ou o Expedient-e.

A incorporación de persoal fixo ás institucións sanitarias contribúe a acadar maiores niveis de eficacia e favorece a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos usuarios e contribúe a unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Máis novidades

Por outra banda, o vindeiro 1 de outubro publicarase unha resolución pola que se abre o prazo para a inscrición nas listas das categorías sanitarias de: farmacéutico de atención primaria, odontólogo, fisioterapeuta, enfermeiro especialista en enfermería do traballo, enfermeiro especialista en saúde mental, terapeuta ocupacional, técnico superior en documentación sanitaria, técnico superior en dietética e nutrición, técnico en farmacia, e técnico en coidados auxiliares de enfermería.

Con estas 10 novas categorías xa se atopan convocadas todas as sanitarias e serán 32 as xestionadas a través do Expedient-e.

O vindeiro 1 de outubro entran en vigor as listas de contratación temporal recentemente publicadas das categorías de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía, técnico superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico e técnico superior en Imaxe para o Diagnóstico, e comezan tamén a aplicarse as normas de xestión do Novo Pacto de Selección Temporal, que introduce importantes novidades como a eliminación do período de descanso forzoso para os profesionais que traballaran máis de 360 días nos últimos tres anos.

Así mesmo, a xestión dos chamamentos para a contratación das citadas categorías pasa a ser realizada directamente polas estruturas de Xestión Integrada para as áreas sanitarias da Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Salnés, Ourense e O Barco, en substitución das xa extintas direccións provinciais da Coruña e Ourense.

Xunto con todo o anterior, ao longo do mes de outubro está previsto a publicación das listaxes definitivas de persoal de servizos xerais, celadores e administrativos; as listaxes con puntuacións provisionais de enfermería, enfermería do 061, traballador social, psicólogo clínico e logopeda; e as listaxes provisionais de admitidos e excluídos nas listas de persoal médico de familia, médico de urxencias hospitalarias, pediatra de atención primaria, médico de traballo e médico coordinador e asistencial do 061.

Ademais, publicarase en vindeiras datas a puntuación provisional do concurso de traslados de facultativo especialista de área, paso previo á celebración da oferta pública de emprego de persoal facultativo.

O CONSELLO DA XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS DE OURENSE

- ***Nomease ao director xeral de Emerxencias e Interior como representante da Xunta na súa Comisión Xestora, que será a encargada de representar as entidades consorciadas ata que se constitúan os órganos de goberno do Consorcio***

O Consello da Xunta iniciou esta mañá os trámites para a constitución dun consorcio único, de carácter provincial, para a prestación do servizo contra incendios e salvamento de Ourense. Con este obxectivo, designouse o director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, como representante da Administración autonómica na súa Comisión Xestora, que será a encargada de representar as entidades consorciadas ata que se constitúan validamente os órganos de goberno do Consorcio.

A provincia de Ourense conta na actualidade con consorcios comarcais contra incendios e salvamento, participados pola Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, pero que funcionan de xeito autónomo como entidades locais independentes, aínda que ambas as administracións manteñen unha mesma política con directrices comúns para todos eles no que respecta á súa administración, xestión operativa e control das actividades.

Non obstante, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación Provincial de Ourense consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio provincial, capaz de dar unha resposta normalizada e homoxénea a todo o territorio ourensán. Esta fórmula considerase a organización idónea para facilitar a integración -previa a súa disolución- dos actuais consorcios comarcais do Carballiño-O Ribeiro, Valdeorras, Verín e A Limia, así como daqueles outros que no futuro se puideren integrar, constituír ou equipar.

A adopción desta fórmula aparece recollida na Lei de emerxencias de Galicia – disposición adicional terceira- e permitirá unha xestión e planificación centralizada, aconsellable neste tipo de servizos, para así dar unha maior e máis rápida cobertura das emerxencias que poidan xurdir.

OS VECIÑOS DE CUALEDRO PODERÁN DESFRUTAR DUNHA MELLORADA PRAZA DA XUNTANZA, GRAZAS AO INVESTIMENTO DE CASE 135.000 EUROS DA XUNTA DE GALICIA

- *Este é un lugar singular de grande valor humano e ecolóxico, posto que está poboado por castiñeiros centenarios e nel sitúase a antiga escola, hoxe en día o local social onde se reúne a xunta de veciños*
- *Cabe sinalar que nos cambios que se levarán a cabo é obxectivo principal a conservación das árbores centenarias e a potenciación dos usos actuais*
- *O proxecto está enmarcado no plan HURBE, que facilita unhas condicións axeitadas de habitabilidade e promove o modelo de asentamento que caracteriza a Comunidade galega*
- *Dos 70 concellos en que se levou ou se está levando a cabo una actuación recollida no plan HURBE, 25 pertencen á provincia de Ourense*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cualedro, para a mellora da praza da Xuntanza, situada no núcleo da Pedrosa, dentro deste municipio ourensán. Medio Ambiente investirá preto de 135.000 euros nesta actuación distribuídos en dúas anualidades; 50.000 euros neste exercicio e algo máis de 84.000 no vindeiro ano 2013.

Este é un espazo singular de grande valor humano e ecolóxico, posto que está poboado por castiñeiros centenarios e nel sitúase a antiga escola, hoxe en día o local social onde se reúne a xunta de veciños. Por iso, o Concello pretende facer unha rehabilitación deste espazo recuperándoo para os usos actuais, ademais de dotalo de infraestruturas urbanísticas que melloren a calidade dos actuais aproveitamentos, posibiliten a realización doutos novos que contribúan a incrementar o atractivo e funcionalidade desta praza da Xuntanza, na parroquia de Pedrosa.

Nestes momentos, a praza amosa un severo estado de degradación que non permite aos habitantes da zona poderen desfrutar do lugar en condicións normais, polo que se fai necesario realizar unha intervención de mellora para poñer en valor un espazo importante para o medio rural. É unha actuación que contribúe ao establecemento do equilibrio territorial (urbano-rural) mellorando a calidade de vida nestas áreas e contribuindo ao establecemento e fixamento da poboación.

Cabe sinalar que nos cambios que se levarán a cabo co acordo asinado é obxectivo principal a conservación das árbores centenarias e a potenciación dos usos actuais; as accións máis destacables da actuación programada para a rehabilitación do espazo centraranse na limpeza e roza do ámbito da actuación; a realización da instalación para o soterramento do cableado e iluminación pública; a pavimentación da explanada central con pedra e formigón, e a realización de distintos peches.

Realizarase a construción dun pequeno muro ao redor do castiñeiro central que cumprirá as funcións de banco, protección da árbore e colocación de puntos de luz, con tecnoloxías que signifiquen un aforro enerxético. Por outra banda, levarase a cabo a instalación dunha fonte e prepararanse zonas verdes e a execución dun camiño. Así mesmo, trasladaranse os bancos e as mesas existentes, sementarase céspede, plantaranse árbores de sombra e sebes, faranse podas de mantemento e tratamentos fitosanitarios que melloren na medida do posible o estado das plantas máis degradadas que é necesario manter.

A Consellería de Medio Ambiente fornecerá case 135.000 euros; ademais, entre os seus obxectivos está fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural mediante a mellora da calidade de vida nestes contornos, de xeito que se proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos e fomentando as relacións dos cidadáns na procura dun desenvolvemento harmónico.

O convenio finalizará o vindeiro 31 de decembro do 2013 e beneficiará máis de 3.000 veciños do concello ourensán.

Cómpre destacar que dos 70 concellos en que se levou ou se está levando a cabo una actuación recollida no plan *HURBE*, 25 pertencen á provincia de Ourense e neles estanse a desenvolver 30 actuacións, que supoñen un investimento de 5,7 millóns de euros.

Plan *HURBE*

Coma moitos outros asentamentos do rural galego, o concello do Cualedro precisa dunha especial atención en canto á necesidade de facilitar unhas condicións axeitadas de habitabilidade que, sen descoidar os elementos históricos e tradicionais da vila, incorporen dotacións técnicas e infraestruturas acordes cos tempos en que vivimos. Deste xeito, conséguese unha potenciación do modelo de asentamento que caracteriza a nosa comunidade e que é necesario conservar.

O Plan *HURBE* 2010-2013, aínda que existen anualidades para o 2014 e así rematar de abonar as obras, nace como resposta á necesidade de mellorar a habitabilidade das vilas de Galicia, que busca o achegamento dos tecidos urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

Así mesmo, preténdese fomentar a recuperación e rehabilitación dos núcleos rurais tradicionais por constituíren un interese público co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitar o despoboamento no medio rural. En definitiva, Medio Ambiente ten como obxectivo a posta en valor dun patrimonio de grande importancia para Galicia.

A XUNTA ASINARÁ CONVENIOS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA A XESTIÓN DO COBRAMENTO DE RECIBOS DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA E O DEPÓSITO DE FIANZAS DO ALUGUEIRO

- *Inicialmente asínase o convenio con Novagalicia Banco por ser a entidade que actualmente xestiona os cobramentos, pero poderán adherirse as entidades que o desexen e cumbran os requisitos establecidos*
- *O convenio prevé o cobramento de 8.000 recibos mensuais e o depósito de 13.300 fianzas de alugueiro cada ano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración que permitirá ao Instituto Galego da Vivenda e Solo establecer acordos con calquera entidade bancaria que opere en Galicia para a xestión do cobramento dos recibos correspondentes ás vivendas de promoción pública e para o depósito das fianzas dos alugueiros.

Este convenio asinarase inicialmente con Novagalicia Banco ao ser a entidade que actualmente xestiona os cobramentos do IGVS, pero a el poderán adherirse outras entidades financeiras que dispoñan de oficinas en todos os concellos da comunidade autónoma nos cales existan vivendas de promoción pública pertencentes ao IGVS. Estas entidades deberán dispoñer dunha canle de comunicación segura coa Xunta de Galicia e un programa cliente para conectar (a través do dito canle) cos servizos do IGVS.

As entidades que subscriban o convenio encargaranse, a través das súas oficinas abertas ao público, dos servizos de cobramento ou devolución de:

- Recibos das vivendas de promoción pública adxudicadas nos diferentes réximes.
- Recibos dos locais comerciais
- Ingresos dos depósitos (e devolucions no caso de cancelación) das fianzas de arrendamentos, que os arrendadores están legalmente obrigados a depositar no IGVS.

Estímase que o volume de recibos que se xestionarán será de 4.000 ao mes mediante domiciliación e outros 4.000 mensuais de pagamento en xanela, así como 13.300 depósitos de fianzas ao ano. O convenio prevé un total de 220.503,12 euros destinados ao pagamento deste servizo nos dous anos de duración do convenio, que terá vixencia ata o 30 de decembro de 2014.

A XUNTA PROMOVE O PRIMEIRO ESPAZO COMÚN PARA OS CLÚSTERS GALEGOS CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A SÚA COLABORACIÓN E A MELLORA COMPETITIVA DAS EMPRESAS

- *O esforzo conxunto de Economía e Industria e da Fundación Universidade-Empresa permitirá albergar nunhas mesmas instalacións ata 10 agrupacións de diversos sectores interesadas en cooperaren e xeraren sinerxías*
- *O acordo entre o Igape e a Feuga tamén posibilitará o desenvolvemento de iniciativas que apoiem a transferencia de I+D á empresa*
- *Desenvolveranse, ademais, programas de formación e de bolsas Feuga abertos á participación destas agrupacións*

A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e a Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) poñerán en marcha un espazo común permanente para acoller nunhas mesmas instalación clústers galegos interesados en cooperaren e xeraren sinerxías que impulsen a mellora da competitividade das empresas galegas.

No marco dun acordo de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ao cal o Igape achegará ata 54.000 euros en tres anos, a Feuga seleccionará un máximo de dez agrupacións empresariais dispostas a compartir este lugar de carácter colaborativo promovido pola Xunta de Galicia e denominado AT Clústers Espazo Compostela, que se situará nas instalacións da Fundación na capital de Galicia.

O obxectivo do convenio entre o Igape e a Feuga é fomentar o desenvolvemento empresarial galego e a economía da comunidade coa creación deste novo marco de colaboración entre estas agrupacións empresariais, que compartirán instalacións e que poderán, así, estar en contacto permanente e seren aliados en proxectos de mellora de carácter tanto sectorial como transversal.

A colaboración entre o Igape e a Feuga servirá tamén para o fomento da innovación e a transferencia tecnolóxica, desenvolvendo e poñendo en marcha programas de formación e bolsas Feuga que se abrirán á participación dos clústers.

O desenvolvemento de iniciativas que apoiem a transformación da I+D en innovacións empresariais será outro dos eixos de colaboración nos cales a Feuga, no marco do convenio co Igape, achegará valor engadido aos clústers.

Os clústers participantes tamén poderán recibir asesoramento personalizado en financiamento de proxectos de I+D+i, e a Feuga colaborará na elaboración de catálogos tecnolóxicos personalizados para as necesidades ou demandas de empresas e clústers e o apoio na organización de eventos de I+D+i.

Ademais, a Fundación Empresa-Universidade ofrecerá ás empresas dos clústers acollidos programas de formación e actualización á medida das súas necesidades específicas e orientados á mellora da súa produtividade e competitividade.

A Xunta aposta de maneira decidida pola colaboración empresarial como factor clave da mellora competitiva nos principais sectores económicos, polo que está a impulsar a creación de novos clústers e a consolidación dos xa existentes, facilitando melloras na xestión, a competitividade e os servizos que prestan ás empresas asociadas, e favorecendo, ao mesmo, tempo a colaboración entre eles.

De feito, no próximo venres celebrarase un gran encontro en Santiago ao cal asistirán preto dun cento de empresas, co que se poñerá en valor a pertenza aos clústers como vía axeitada para reforzar as capacidades competitivas das empresas tanto no eido nacional como internacional.

Bolseiros de competitividade

No Consello da Xunta aprobouse tamén unha modificación do programa de bolseiros do Igape participantes en proxectos de mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas, que abre a posibilidade de asignar bolseiros do programa, en principio destinados a participar na implantación dos servizos avanzados do plan reAcciona nas empresas, ás organizacións clusters. Estes bolseiros apoiarán a prestación de servizos por parte dos clusters ás empresas, de xeito que se aumente a especialización dos titulados e a súa utilidade para os asociados.

O CONSELLO DA XUNTA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE O CENTRO ETNOGRÁFICO TERRA DE MONTES, EN SOUTELO DE MONTES (PONTEVEDRA)

- *Esta nova catalogación permitirá a este centro formar parte do sistema de museos e coleccións visitables de Galicia que elabora a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*
- *No CETMO expónse unha colección de pezas da cultura agraria tradicional da Terra de Montes entre finais do século XIX e a década de 1970, amosando dunha forma didáctica a vida rural desta comarca*

O Consello da Xunta recoñece, autoriza e cualifica como colección visitable o Centro Etnográfico Terra de Montes (CETMO), situado en Soutelo de Montes (Pontevedra). Tras estudar a solicitude da Asociación Cultural Verbo Xido, entidade que xestiona do CETMO, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, concedeu a categoría de colección visitable para este centro.

Este recoñecemento permite ao CETMO pasar a formar parte do sistema de museos e coleccións visitables de Galicia que elabora a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Asemade, grazas a esta catalogación, o centro de Soutelo de Montes poderá concorrer á convocatoria de axudas para equipamento, actividades de difusión e outros fins.

A Xunta de Galicia recoñece con este acordo unha iniciativa singular en que conflúen dúas vertentes: por unha banda, a revalorización dunha mostra destacada do patrimonio etnográfico e cultural no eido da historia do mundo rural e dos oficios tradicionais e, por outra, a conversión do centro nunha plataforma de investigación e difusión da historia da cultura agraria tradicional da Terra de Montes.

Cultura agraria tradicional

Neste centro etnográfico expónse unha colección de pezas da cultura agraria tradicional da Terra de Montes datables entre finais do século XIX e a década de 1970. Esta mostra pretende amosar todo o conxunto do mundo rural presente nesta comarca e ir introducindo o visitante nos elementos distintivos da etnografía, a gandería, a agricultura e os oficios propios deste territorio.

O edificio en que se atopa o CETMO é unha antiga vivenda que constitúe un interesante exemplo da arquitectura tradicional da Terra de Montes. A casa remodelouse parcialmente para eliminar reformas dos anteriores donos para dar así unha mellor cabida á colección. Este inmovible ten dúas plantas, a superior conta con seis estancias: unha utilizada como recepción-biblioteca, catro salas expositivas e un baño. A planta inferior ten unha única estancia dedicada a sala expositiva e, no exterior, un pequeno patio de acceso á planta superior.

O fío condutor da exposición é a vida cotiá da Galicia agraria tradicional na Terra de Montes. Estes contidos desenvólvense en diferentes ámbitos como a vivenda tradicional, especialmente os espazos do dormitorio e a cociña; a alimentación; os traballos da casa e do campo, os oficios vinculados á madeira, a pedra, o ferro e a cera; o mundo do neno, tanto no espazo familiar como no da escola; e o fenómeno da emigración, entre outros.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 200.000 EUROS PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA CASA MUSEO ROSALÍA DE CASTRO

- *Este importante investimento permitirá á Fundación Rosalía de Castro continuar organizando actividades culturais e achegar aos visitantes a vida e a obra da poetisa galega na propia casa onde viviu os derradeiros anos da súa vida*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Rosalía de Castro para a realización das obras de acondicionamento da Casa Museo Rosalía de Castro, en Padrón. A través deste acordo, a Consellería de Cultura e Educación, con cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, destinará un total de 200.000 euros para a rehabilitación da casa onde viviu Rosalía de Castro os derradeiros anos da súa vida.

Grazas á achega da Xunta de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro poderá realizar o acondicionamento da súa sede e, deste xeito, continuar organizando as actividades culturais que se levan a cabo durante todo o ano na Casa da Matanza. Asemade, todos os visitantes que se acheguen ata a casa-museo poderán coñecer de primeira man a vida e obra da poetisa galega máis famosa, recordada e honrada.

As obras de rehabilitación da Casa da Matanza inclúen a eliminación de humidades, a instalación dun novo sistema de electricidade e iluminación, o acondicionamento da carpintería exterior, a montaxe dun falso teito e a instalación dun sistema de seguridade e contraincendios.

Casa da Matanza

En 1947 créase o padroado Rosalía de Castro para recuperar a Casa da Matanza e convertela, en 1971, nun museo dedicado á memoria da escritora galega. A casa, onde residiu Rosalía ata a súa morte, conserva practicamente inalterada a súa estrutura orixinal que consta de dous andares.

Na planta baixa, denominada "O perfil dunha sombra", o visitante pode apreciar a verdadeira dimensión desta emblemática figura da cultura galega e universal: a súa vida, o contorno que a rodeou e a relación do pobo galego coa figura da escritora. Na primeira planta, denominada "O seu", propónse unha recreación da casa rural da época, entre labrega e fidalga. A casa está rodeada, ademais, por un espazo verde que recrea un xardín da época.

SANIDADE AFORRARÁ PRETO DE 2,8 MILLÓNS DE EUROS NO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DE EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de mantemento integral de equipamento electromédico nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde co que se prevé acadar un aforro estimado de 2,8 millóns de euros.

A contratación deste servizo, básico na actividade asistencial dos centros sanitarios realízase no marco da xestión dos recursos de forma rigorosa e eficiente da Estratexia Sergas 2014.

O obxectivo deste expediente é regular, de forma centralizada, os requisitos para o mantemento destes equipamentos dándolle un alcance integral, procurando as mellores condicións económicas e técnicas e a máxima eficiencia na xestión, de forma que se minimicen os tempos de parada e a súa incidencia sobre a actividade asistencial, se optimice a vida útil deste equipamento e se garanta a súa rastrexabilidade e renovación.

O importe total do contrato é de 33.892.225,84 euros para un período de catro anos prorrogable ata o 2018.

A XUNTA APROBA O NOVO PLAN DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL, QUE DARÁ MELLOR COBERTURA AO LITORAL E UNHA RESPOSTA MÁIS ÁXIL E COORDINADA

- *O obxectivo é obter a máxima protección para as persoas, o ambiente e os bens que poidan resultar afectados tras un episodio de contaminación mariña accidental*
- *O CAMGAL introduce novidades respecto ao plan anterior, como a obriga de elaboración de plans locais dos concellos costeiros, a simplificación da estrutura organizativa, unha maior cobertura no caso de substancias nocivas e potencialmente perigosas, información de apoio xeorreferenciada e maior dinamismo na súa xestión e aplicación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan CAMGAL), que simplifica o actual en vigor, para dar unha resposta áxil e coordinada ante unha eventual continxencia por contaminación. O documento recolle un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte o litoral da nosa Comunidade.

Este plan supón un avance na preparación da Comunidade Autónoma nesta materia e promove unha utilización racional dos medios materiais existentes. O CAMGAL ten como obxectivo obter a máxima protección para as persoas, o ambiente e os bens que resulten afectados ante unha eventual continxencia.

Novidades

Entre as principais novidades con respecto ao anterior plan, o CAMGAL inclúe unha maior cobertura do risco, ao incluír por primeira vez puntos específicos na loita contra a contaminación mariña accidental provocada por substancias nocivas e potencialmente perigosas (SNPP).

Nos procedementos de actuación o Plan introduce tamén a recolla e regulación da actuación do voluntariado nas tarefas de resposta, diferenciando entre o voluntariado profesional do mar e o voluntariado non profesional nas operacións en terra. Así mesmo, por primeira vez recóllese e foméntase a correcta recolla de evidencias para a xestión de compensacións. O plan inclúe tamén un atlas para a limpeza da costa nestes casos dependendo do lugar, do tipo de alcance e da vertedura.

Outro aspecto relevante é a inclusión, por primeira vez, da obrigatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais, implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental, co fin de minimizar os seus efectos negativos nos recursos socioeconómicos e ambientais.

Por outra banda, a creación dunha Infraestrutura de datos espaciais (IDE), específica para este plan, permite unha integración organizada de ferramentas informáticas (*hardware, software*) e datos xeográficos e non xeográficos, deseñada para capturar, almacenar, manipular, analizar e visualizar a información xeograficamente referenciada co fin de axudar na planificación e xestión das continxencias aos distintos usuarios involucrados.

Ademais da construción da IDE, a recolla e actualización das distintas bases de datos que conteñen información útil para a resposta e a realización dunha nova análise de risco permite contar cunha mellor caracterización das diferentes situacións a que hai que facer fronte. De feito, fixéronse máis de 100.000 traxectorias simuladas, para determinar os tipos e as zonas de risco e os seus niveis. Ademais, incorpórase unha nova ferramenta web de visualización específica para o Plan, que posibilita aos diferentes usuarios o acceso a toda a información a través do enderezo web ww3.intecmar.org/planCAMGAL.

No que respecta á estrutura organizativa, a Xunta xa simplificou no mes de xullo os órganos de dirección e os procedementos de actuación do plan a través dun decreto específico para outorgar maior axilidade á xestión ante unha posible crise. Por último, o Plan inclúe a posibilidade de ser actualizado en calquera momento dunha maneira sinxela, por proposta das administracións implicadas nel, como consecuencia dos cambios legislativos que obriguen á posta ao día deste ou dos avances tecnolóxicos ou melloras que se produzan na loita contra a contaminación mariña, co obxectivo de que o Plan sexa un documento dinámico e áxil na súa operatividade.

Niveis de activación

O nivel de activación pode ser de "alerta" -cando se sospeite que unha contaminación significativa pode chegar á costa, tanto se procede do mar como dunha instalación en terra- ou de "emerxencia", cando algún tipo de contaminación significativa chegue á zona costeira, tanto se procede do mar como de instalacións en terra. Dentro deste último establécense os niveis mínimo, medio e máximo.

O CONSELLO REMITE AO CONSELLO CONSULTIVO O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS HIDRÁULICAS E A EXPLOTACIÓN DE DEPURADORAS POLA XUNTA

- *A Lei de augas de Galicia vai cumprindo obxectivos e afondando nas súas grandes potencialidades como reguladora de todo o sector da auga en Galicia*
- *Este decreto pretende regular como a Xunta de Galicia se relaciona coas entidades locais en relación coa construción e explotación de obras hidráulicas*
- *O decreto desenvólvese baixo os principios da Directiva marco da auga: para garantir a subministración de auga á poboación; a consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o informe sobre o decreto polo que se desenvolve a Lei de augas en materia de colaboración interadministrativa para a execución e a explotación de infraestruturas hidráulicas. Esta normativa renovará os procedementos de colaboración que actualmente xa se vén producindo entre Xunta e concellos e regulará, como unha das súas novidades, o procedemento para que aqueles concellos que o necesiten poidan ceder á Administración hidráulica de Galicia a xestión da explotación de depuradoras. O proxecto de regulamento será remitido agora ao Consello Consultivo, na súa última fase da súa tramitación.

Trátase do cuarto decreto de desenvolvemento da Lei de augas de Galicia, despois do Estatuto de augas de Galicia, o Regulamento marco dos servizos de saneamento e depuración e do regulamento do canon da auga. Deste modo, a Lei de augas de Galicia vai cumprindo obxectivos e vaise afondando nas súas grandes potencialidades como reguladora de todo o sector da auga en Galicia.

En particular, o decreto prevé catro posibilidades de colaboración entre Xunta e concellos:

1. Para a execución polo Goberno galego de obras hidráulicas de competencia municipal.
2. Para a execución pola Xunta de obras hidráulicas declaradas como de interese da Comunidade Autónoma.
3. Para a asunción da explotación de estacións depuradoras de augas residuais.
4. E no caso de que sexa necesaria a intervención da Xunta ante unha insuficiencia na explotación dos servizos que poña en risco as persoas.

Estes puntos fundamentais desenvólvense baixo os principios inspiradores da Directiva marco da auga co fin de garantir a subministración de auga á poboación, e consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados.

Adaptarse á nova estrutura

O novo decreto adapta á nova estrutura da propia Administración hidráulica e aos cambios legislativos as determinacións do Decreto 84/1997, de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais, en materia de abastecemento e saneamento de augas. Trátase dun importante instrumento, o que se materializa nos 900 millóns de euros que a Xunta de Galicia investiu en obras hidráulicas entre os anos 1996 e a actualidade a través da colaboración técnica e financeira coas entidades locais

A posibilidade de colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica no ámbito das obras de saneamento e abastecemento inclúe tamén a redacción dos documentos técnicos previos que sexan necesarios. Trátase dun traballo moi importante da Administración hidráulica, xa que, por exemplo, cando remate esta lexislatura, teranse redactado máis de 350 estudos, anteproxectos ou proxectos de actuacións en materia de obras hidráulicas, buscando que o gasto público neste eido sexa máis investir que gastar.

Esta colaboración pode acadar ata o 100 % do custo dos investimentos, tanto para a redacción dos proxectos como para a execución das obras. O procedemento de tramitación das solicitudes de colaboración introduce variacións con respecto ao existente, na procura dunha maior seguridade xurídica, en especial no que respecta á dispoñibilidade dos terreos e á obtención de autorizacións e á compatibilidade das actuacións co planeamento.

A última novidade que se establece é a prioridade para aquelas actuacións promovidas por entidades locais supramunicipais, como mancomunidades ou consorcios que se encarguen da xestión do ciclo da auga. A aposta da Xunta por compartir servizos é firme e este decreto é coherente coa liña de actuación do Goberno. Augas de Galicia participa na formación de dous consorcios pioneiros en Galicia, como é do da xestión do ciclo urbano da auga no Louro e no consorcio para a depuración en Valdeorras.

Obras hidráulicas de interese de Galicia

A Lei 9/2010, de augas de Galicia, desenvolve por primeira vez a posibilidade de que a Comunidade Autónoma declare obras como do seu interese, adquirindo a competencia para executalas. Establécese unha declaración de interese de Galicia nas das obras incluídas como tales nos plans galegos de abastecemento e de saneamento, no Plan hidrolóxico Galicia-costa ou naqueles casos en que o Consello da Xunta o declare especificamente. Neste caso, e por ser de competencia autonómica non era estritamente necesario, régúlase un modo de tramitación deste tipo de actuacións en que colaboren e cooperen a Xunta e as entidades locais, de modo que se prime a transmisión de información e se optimicen os tempos de tramitación, posta a dispor dos terreos, autorizacións e permisos, etc.

Depuración de augas residuais urbanas

A Lei 9/2001 declara como de interese da Comunidade Autónoma o servizo de depuración de augas residuais urbanas. Nas reunións entre Augas de Galicia e a FEGAMP que precederon á aprobación da Lei de augas, xa se tratou este tema como un dos máis relevantes da nova normativa, e quíxose que a administración autonómica adiantase as liñas xerais que se seguirían para a asunción do servizo de depuración. Así, os termos dese preacordo materializáranse neste decreto, no capítulo determina o procedemento e as condicións en que a Xunta asumirá o servizo de depuración prestado por concellos.

Un dos beneficios é que entidades locais e Xunta, serán corresponsables da correcta xestión das augas residuais urbanas, a Xunta coa xestión da depuradora e a entidade local coa xestión do saneamento. Así mesmo, foi moi importante a aprobación en xuño do Regulamento marco de saneamento e depuración, para que os concellos contencunhas ordenanzas de saneamento que lles permitan controlar as redes de sumidoiros. En todos os casos, subscribírase un convenio de colaboración entre o Goberno galego e a entidade local para formalizar esta colaboración.

O ritmo de asunción dependerá das solicitudes que se reciban, e da tramitación que se siga, precisamente, neste proxecto de decreto.

Supostos excepcionais

Co obxecto de garantir a correcta prestación de servizos de abastecemento en alta e depuración, cando se aprecie a imposibilidade por parte da entidade local de cumprir coas súas obrigas Augas de Galicia procederá a intervir o abastecemento en alta ou a depuración en casos taxados co obxecto de devolvelo ás debidas condicións. Isto poderá suceder cando, por causa imputable á entidade local titular do servizo:

- As análises da auga subministrada nos depósitos de cabeceira incumpran reiteradamente os parámetros establecidos na normativa.
- Haxa cortes periódicos nas subministracións ou redución ostensible da presión.
- As verteduras de augas residuais depuradas incumpran reiteradamente os parámetros.
- Se incumpran os parámetros de calidade de servizos.
- Non se realicen as tarefas de conservación e mantemento axeitadas das infraestruturas.

Por suposto, non poderá ser arbitrario, e requirirá a aprobación, ou validación no caso de emerxencias, por parte do Consello da Xunta. Este procedemento poderá activarse en tres supostos: porque a entidade local se vexa imposibilitada de prestar o servizo, e o solicite; porque de oficio Augas determine que se da algunha das causas taxadas para que suceda; ou en caso de emerxencia, cando se aprecie un risco por razóns de interese público.

CULTURA E EDUCACIÓN GARANTE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADE PARA CURSAR ESTUDOS UNIVERSITARIOS ABRINDO UNHA NOVA LIÑA DE BOLSAS DE MATRÍCULA, Á CAL DESTINARÁ 583.200 EUROS

- *O alumnado manterá o dereito a matrícula gratuíta acadando un 5 nas probas de acceso ou superando as mesmas porcentaxes de créditos que no curso 2011-12*
- *Desta forma o departamento educativo da Xunta de Galicia reforza o seu apoio ás alumnas e alumnos do Sistema universitario de Galicia, que xa é o que conta coas taxas de matrícula máis baixas do Estado*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria volverá dar nas vindeiras semanas un novo impulso ás políticas sociais que ten posto en marcha para facilitar o acceso aos estudos universitarios en igualdade de oportunidades a todas as alumnas e alumnos.

Para iso, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad destinará 583.200 euros á convocatoria dunha nova de axudas - complementaria ás outorgadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte- grazas á que todo o alumnado que acredite os niveis de renda correspondentes teña dereito á exención completa de matrícula, sempre que cumpra os requisitos académicos exixidos no curso 2011-12. Así, os estudantes universitarios galegos manterán o dereito a matrícula gratuíta acadando un 5 nas probas de acceso ou superando as mesmas porcentaxes de créditos que no curso 2011-12.

Con esta iniciativa o departamento educativo da Xunta de Galicia asegura a igualdade de oportunidades no acceso ao Sistema universitario de Galicia (SUG) para todos aqueles estudantes que puideren verse afectados polo incremento de requisitos académicos no acceso ás bolsas universitarias. Trátase, ademais, dun novo compromiso adquirido pola Consellería de Cultura e Educación cos universitarios que cursan os seus estudos no SUG, que xa conta coas taxas máis baixas do Estado.

De feito, neste momento Galicia é a única comunidade autónoma de España que pon en marcha unha liña de axudas destas características a prol do alumnado universitario.

Requisitos

En total, segundo o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, estímase que esta liña de axudas beneficiará unhas 900 alumnas e alumnos do SUG, facilitando que inicien ou continúen os seus estudos independentemente das súas circunstancias económicas.

Para optar a esta liña de axudas, as alumnas e alumnos de primeiro curso deberán ter unha cualificación na proba de acceso á universidade (PAU), con exclusión da fase específica, superior a 5 puntos e inferior a 5,5 puntos. Ademais, deberán estar matriculados nunha universidade do SUG, no curso académico 2012-2013, nun mínimo

de 60 créditos; e non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para que solicitan axuda.

No caso do alumnado de segundo e posteriores cursos, para poderen solicitar a axuda será necesario que fosen bolseiros do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no curso 2011-2012, e que no 2012/2013 estean matriculados nun mínimo de 60 créditos. No caso dos requisitos académicos, será necesario que teñan superado entre o 60% e o 65% dos créditos en que se matricularon no curso anterior tratándose de estudos pertencentes á rama de coñecemento de ensinanzas técnicas (enxeñaría ou arquitectura) ou entre o 80% e o 85% si se trata de ensinanzas da rama de artes e humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas.

No que atinxe á renda, para ter dereito á bolsa os limiares máximos serán os mesmos que para a convocatoria de bolsas do Ministerio, é dicir 11.937 euros para familias de un membro, 19.444 euros para as de dous membros, 25.534 euros para as de tres, 30.287 euros para as de catro, 34.370 no caso de cinco membros, 38.313 para as de seis, 42.041 nas de sete membros e 45.744 para as de oito. A partir do oitavo membro engadiranse a estes limiares 3.672 euros por cada novo membro computable da familia.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTOU NUN 2,8% A SÚA ACHEGA ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS E AO CIXUG A TRAVÉS DE CONVENIOS NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2012

- *As consellerías asinaron acordos por un importe superior aos 2,4 millóns de euros*
- *O maior número de accións corresponde á realización de másters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do sistema universitario galego*

A Xunta de Galicia asinou no primeiro semestre de 2012 un total de 52 convenios coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), o que supuxo unha achega de máis de 2,4 millóns de euros, un 2,8 superior á do mesmo período do ano 2011.

Así o reflicte o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

Desta forma, e malia a crise económica, as consellerías reforzan o seu apoio á actividade realizada no Sistema Universitario de Galicia, no marco do compromiso do Goberno galego coa construción dun futuro para Galicia baseado nos piares do coñecemento, a investigación e a innovación.

Accións respaldadas

O maior número de accións asinadas no primeiro semestre do ano corresponden á realización de másters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do sistema universitario galego, en concreto 22, o 42,31% do total. Ségueno os convenios para o apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (18), financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese (7), apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas (4), e inserción laboral (1).

Por número de convenios asinados destacan Tránsito e Benestar (18), Sanidade (8) e Presidencia da Xunta de Galicia (8). Tamén asinaron acordos coas universidades as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (7), a de Economía e Industria (6), a de Mar e Medio Rural (3), a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINARÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS Á LICITACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE PANXÓN (NIGRÁN)

- *Esta obra enmárcanse no obxectivo de modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais*

O Servizo Galego de Saúde licitará a construción dun novo centro de saúde no concello pontevedrés de Nigrán, en Panxón, para poder deste xeito dar unha mellor resposta ás necesidades de saúde, presentes e futuras, dos veciños deste municipio.

O edificio situarase nunha parcela cedida á Administración sanitaria polo Concello. Para a súa construción, que ten un prazo previsto de 12 meses tras adxudicarse, estímase un importe de 1.330.467,60 euros cofinanciado pola UE, polo programa FEDER Galicia 2007-2013 (80% de fondos FEDER e 20% de fondos propios).

Esta obra está enmarcada na implantación da Estratexia SERGAS 2014, no obxectivo de modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.

A XUNTA REGULARÁ DE FORMA PERMANENTE A REDE DE CENTROS DE ASESORAMENTO E DINAMIZACIÓN PARA PROMOVER O COOPERATIVISMO

- *A través da aprobación dun decreto consolidarase a Rede Eusumo, que constitúe unha rede específica de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social na comunidade autónoma*
- *A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha esta iniciativa en xuño de 2011 co obxectivo de dar apoio á creación de autoemprego neste eido*
- *Poderán optar a formar parte desta rede asociacións de cooperativas, entidades locais, cámaras de comercio, fundacións e universidades*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe do decreto polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento. Mediante este decreto regularase de xeito permanente a Rede Eusumo e, ademais, amplíase a súa colaboración.

A Rede Eusumo, posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar en xuño de 2011, naceu co obxectivo de dar resposta á necesidade de crear unha rede específica de servizos de promoción e asesoramento destinada á economía social, un recurso que ata ese momento non existía. Así, púxose en marcha unha rede de centros de asesoramento e dinamización co fin de promover o cooperativismo en todo o territorio da comunidade autónoma.

Coa futura aprobación do decreto, a Rede Eusumo consolidarase na nosa comunidade, adquirindo un carácter estable. Deste xeito, séntanse as bases para que a través de distintas relacións de colaboración, as entidades que se sumen á rede poñan á disposición dos cooperativistas ou daquelas persoas que estean interesadas nestas fórmulas empresariais, puntos de asesoramento e dinamización que as apoiem nas súas iniciativas.

Neste traballo participan activamente todos os profesionais que poden asesorar aos emprendedores e que se coordinarán a través desta rede: axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, gabinete de orientación profesional, entre outros.

A Rede Eusumo acolle tamén xornadas en que se divulga o cooperativismo, a economía social e o autoemprego, ao mesmo tempo que os cooperativistas presentan a súa experiencia.

Ao longo desta lexislatura déronse de alta na nosa Comunidade 168 novas cooperativas, cun total de 4.106 socios. Isto supón un incremento do 75 por cento en relación coas cooperativas creadas na lexislatura anterior, e un incremento do 109 por cento en relación co número de socios.

Entidades colaboradoras

Poderán ser entidades colaboradoras desta rede as administracións públicas; as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais; as sociedades cooperativas galegas; as fundacións e asociacións; as universidades -a través dos seus centros colaboradores-; as cámaras de comercio e outras entidades sen ánimo de lucro.

As actividades que se impulsan coa creación da Rede Eusumo encádranse dentro do Programa operativo do Fondo Social Europeo, en concreto no eixe que fai referencia a promover a cooperación transnacional e interrexional.

Vantaxes

As entidades colaboradoras da Rede obteñen unha serie de vantaxes, como a utilización dos diferentes centros para as actividades da propia entidade, compartir esforzos e resultados con outras entidades con intereses similares, así como, beneficiarse dos diferentes apoios e incentivos que a Consellería de Traballo e Benestar ten para promover o impulso do cooperativismo.

As entidades interesadas en formar parte da Rede Eusumo deberán presentar unha solicitude na Consellería de Traballo e Benestar, e poderán facelo de xeito permanente, posto que a solicitude non está exposta a prazos.

Dinamización de sectores potenciais

Unha das características do modelo de funcionamento da Rede é o feito de que explora no territorio, tratando de atopar espazos de oportunidade. Este traballo realízase a partir de entrevistas e contactos con diferentes axentes e coa conformación de grupos de traballo. Nestes grupos analízanse as potencialidades do sector, preséntanse as fórmulas da economía social para apreciar en que medida poden adaptarse a el e realízase formación práctica en habilidades de traballo en equipo e participación.

Os servizos sociais e a atención a persoas en situación de dependencia son un dos eidos potenciais de creación de emprego en Galicia. En liña coa potenciación destes sectores, a Rede Eusumo ofrece un apoio específico para fomentar empresas de economía social neles.